




Oroso pechará o ciclo da auga en todo o municipio en 2019



O Pleno de Oroso aprobou por unanimidade a proposta da Alcaldía para o Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (POS+ 2018), que suporá un investimento de 765.334 euros. Estes proxectos servirán para ampliar a rede de abastecemento a diversos núcleos de poboación, así como a construción dunha cuberta para a piscina municipal e diversas melloras na rede viaria. Unha vez máis, o Concello "non recorre a utilizar diñeiro dos investimentos en gastos correntes, froito da xestión económica sostible e eficiente que estamos aplicando".

O alcalde Manuel Mirás explica que co POS+ 2018 o Concello dará "un impulso fundamental para o abastecemento de auga en todo o municipio". Destaca a chegada do servizo a San Román de Pasarelos e o inicio da rede en Marzoa, para que esta parroquia teña abastecemento durante 2019. "Deste xeito, en 2019 pecharemos o ciclo da auga en todo o municipio, un obxectivo no que o Concello efectuou un enorme esforzo nos últimos anos".

Ademais, a construción da **cuberta da piscina municipal en Sigüeiro** facilitará que o seu período de utilización aumente ata os 6 meses ao ano. A cuberta estará tecnicamente preparada para unha fu-



O Concello investirá 210.000 euros na cubrición da piscina municipal de Sigüeiro, cumprindo así a petición máis demandada pola veciñanza nos últimos anos

tura climatización, que polo de agora non se fará porque Oroso non reúne a demanda que os técnicos consideran necesaria para que unha piscina climatizada sexa sostible. "Unha vez que se supere a crise económica e as enerxías renovables resulten máis baratas, o goberno contempla unha posible climatización nun prazo duns catro anos", avanza o alcalde.

Proxectos

Os proxectos incluídos no POS+ 2018 son os seguintes:

- Ampliación do pavimento en diversos viais do núcleo de poboación de Rial (Trasmonte) e ampliación da rede de abastecemento de auga nos núcleos de poboación de Rial (Trasmonte) e Mixoi (Calvente). 116.186 €.
- Mellora da rede viaria nos lugares de Vilacide de Arriba e Vilacide de Abaixo (Oroso), Cabanas (Calvente),

O Seixo (Pasarelos) e A Toxeira (Sigüeiro). 63.649 euros.

- Ampliación da rede de abastecemento de auga nos núcleos de poboación de Garga e Fafián (Trasmonte). 87.023 euros.

- Proxecto básico e de execución de construción da cuberta da piscina municipal. 210.475 euros.

- Ampliación da rede de abastecemento de auga en Bran (Ánxeles) e San Román de Abaixo (Pasarelos). 51.238 €.

- Abastecemento de auga e saneamento en Piñeirón (Gándara). 210.586 €.

Dentro do plan complementario, están incorporados estes proxectos:

- Adcentamento da capa de rodadura do vial entre A Baiuca (Senra) e Requeixo (Cardama). 53.082 euros.
- Reurbanización da Rúa de Ourense (Sigüeiro). 100.000 euros.





O Concello ofrécese a colaborar para evitar as inundacións pola ampliación da AP-9

O Concello de Oroso amosa a súa total disposición a colaborar na busca dunha solución dos problemas de recollida de pluviais derivados da ampliación na explanada de peaxes da AP-9, sempre que isto non implique unha carga económica para o municipio. Unha problemática que se reproduciu coas primeiras tormentas do inverno, que anegaron as parcelas próximas á entrada sur da AP-9 e mesmo chegaron a inundar algunhas rúas do polígono industrial de Sigüeiro. O alcalde Manuel Mirás entende que “é algo que se debe arranxar e dende o Concello estamos dispostos a dar todas as facilidades, sempre que non impliquen unha carga económica xa que se trata dun problema alleo ao Concello de Oroso”.



O Concello colaborará con Audasa e Fomento sempre que a solución non supoña un gasto para os veciños/as

Augas de Galicia tamén confirma a tese mantida do Concello de Oroso: o aumento da explanación da autoestrada conleva un aumento nos caudais que aporta á súa drenaxe. Un incremento cuantificado en 1.312 litros por segundo, que se engaden aos 2.157 litros por segundo iniciais. Isto provoca que, cando chove moito, a auga desborde e baixe pola canle de recollida de pluviais do acceso da AP-9, asolagando os terreos anexos e mesmo chegando a baixar pola marxe esquerda da N-550 ata o polígono industrial de Sigüeiro. Unha situación que o propio Mirás xa advertira na sesión plenaria de maio de 2017. Por iso, o Concello entende que Audasa debe implementar solucións que regulen ou amortigüen o caudal verquido, tal e como recolle Augas de Galicia no seu informe.



Licitadas a cubrición do acceso ao polideportivo e as beirarrúas no Camiño do Refuxio e no Barreiro

O Concello licitou tres importantes obras: o paso cuberto entre o CEIP de Sigüeiro e o polideportivo, así como a creación de beirarrúas no Camiño do Refuxio e na Rúa do Barreiro. Tres obras que supoñen un investimento de 237.580 € do Plan Único da Deputación e que estarán listas no primeiro trimestre de 2018. No Camiño do Refuxio reurbanizarase toda a rúa, con aglomerado na calzada, beirarrúas a ambos lados de 2 metros de ancho e redes de saneamento e alumeadado público soterrado. Na rúa do Barreiro executaranse 105 metros de beirarrúas e renovarase a capa de rodaxe da calzada. Por último, no Colexio farase un paso cuberto que evitará que os nenos/as se mollen ao acceder ao polideportivo.



Últimos días para visitar a exposición homenaxe a Maruja Mallo no centro cultural

O centro cultural de Sigüeiro acolle ata o vindeiro venres 12 de xaneiro unha exposición homenaxe a Maruja Mallo composta por obras de trece pintores galegos socios da Asociación Galega de Arte e Cultura. Unha mostra presentada polo pintor local Constantino Cuesta e pola pintora Beatriz Barcia, quen salientou que “non haberá verdadeira igualdade se non se reescribe a historia cos nosos referentes femininos”, como Maruja Mallo. Na sala orosá atópanse traballos de Ana F. Potel, Beatriz Barcia, Carmen Torres, Constantino Cuesta, Esther Molinero, Isabel Andrés, Lola Sanz, Mary Carmen Sampedro, Marina Cocós, Mary Carmen Calviño Iglesias, Mary Olivares, Pepa Mariño e Suly.



O Concello pon en marcha o punto de reciclaxe "Oroso Verde"

O Concello de Oroso vén de poñer en funcionamento o punto de reciclaxe "Oroso Verde", construído no polígono industrial Oroso Pequeno. Unha instalación que, xunto á colocación dunha compostadora industrial, "supuxo un investimento próximo aos 250.000 euros, que permitirá que Oroso sexa un municipio cada vez máis limpo e sostible medioambientalmente", explica o alcalde Manuel Mirás.

"Oroso Verde" estará aberto durante 24 horas semanais e será xestionado pola empresa Servicios Obras y Limpiezas SA (Cerceda). O seu horario de apertura será de 14:30 a 18:30 horas, de luns a venres, e de 10:00 a 14:00 horas os sábados. Para facer uso del só será preciso amosar o DNI á entrada. A apertura de "Oroso Verde" suporá tamén o peche do punto limpo provisional, instalado a carón do Carboeiro.



Estará aberto de luns a venres, en horario de 14:30 a 18:30 horas, e os sábados de 10:00 a 14:00 horas

A día de hoxe, en "Oroso Verde" poden depositarse diversos residuos para a súa clasificación, separación e posterior reciclaxe: pilas, disolventes, electrodomésticos, aerosois, baterías, produtos de informática... nos catro contedores dispostos nas instalacións: papel e cartón, vidro, envases e téxtil. O Concello de Oroso habilitou tamén un lugar especial para a recollida de plásticos agrícolas e entullos de obra, de uso exclusivo para particulares. O quinto contedor, para a recollida de materia orgánica e obrigatorio a partir de 2020, instalárase a finais de 2018 se ben "tanto nos restaurantes como nos comedores públicos nos colexios imos empezar xa a recoller a materia orgánica porque imos poñer en marcha a compostadora industrial que acabamos de adquirir e que está emprazada no propio punto de reciclaxe", adianta o alcalde.



A Deputación achegará 32.000 euros, o 80% do custe do proxecto. O resto será asumido polos concellos

Impulso ao proxecto da Vía Verde Santiago-Cerceda



O alcalde Manuel Mirás vén de asinar cos seus homólogos de Santiago, Ordes, Tordoia e Cerceda; e coa Deputación un convenio de colaboración para o proxecto da Vía Verde Santiago-Cerceda, que permitirá percorrer a pé ou en bici os 36,5 km dos antigos camiños de ferro. A Deputación financiará o 80% do proxecto, o resto será achegado polos concellos participantes. "É o primeiro paso dun proxecto moi ambicioso que será un acicate turístico", di Mirás.





FOI NOTICIA...



Gran participación no Programa de Nadal

